



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Filosofía e Literatura	Código	613G03030		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Humanidades				
Coordinación	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es		
Profesorado	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es		
Web	www.udc.es (página web de Fac. de Filología)				
Descrición xeral	Filosofía e Literatura é unha materia cuxo obxectivo esencial é o de proporcionar, no marco dos estudos literarios, un enfoque especificamente filosófico da creación literaria. Pretende, polo tanto, que o alumnado complemente desde unha perspectiva distinta (a que proporcionan os conceptos e teorías filosóficos) a súa visión do feito literario. Por unha banda, aborda como a filosofía ten tematizado a diversidade de xéneros literarios (centrándose en tres deles: ensaio, poesía e narrativa); pola outra, propón exercicios hermenéuticos (é dicir, interpretativos) de textos literarios desde un punto de vista filosófico.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Práctica do comentario por parte do alumnado dos fragmentos extraídos dos textos e elaboración dun traballo persoal (interpretación dun texto literario dende unha perspectiva filosófica) *Metodoloxías docentes que se modifican De desaparecer a docencia presencial, manterase o horario oficial de clases con docencia virtual a través de Microsoft Teams. Tamén se ofrecerá a posibilidade de titorías vía e-mail ou mesmo Microsoft Teams</p> <p>3. Mecanismos de atención persoalizada ó alumnado Posibilidade de titorías virtuais dentro do horario oficial de titorías</p> <p>4. Modificacións na avaliación Se resultase imposible a realización presencial das probas escritas e non fose posible garantir a súa realización en condicións académicas satisfactorias, se suprimirá a proba mixta e a proba do libro de lectura se fará de xeito virtual, consistindo en cuestións de resposta breve. Suprimida a proba mixta, a cualificación do alumnado será o resultado dos seguintes aspectos: 2 comentarios (40 %) - proba do libro de lectura (30 %) - traballo persoal (20 %) - asistencia e participación (10 %) *Observacións de avaliación: Os criterios de valoración dos comentarios seguen a ser os vixentes para o ensino presencial. A proba do libro de lectura realizarase virtualmente e constará de cuestións de resposta breve. No traballo persoal valorarase a aportación persoal na súa elaboración (tanto en contidos como en prantexamento expositivo), dándolle particular relevancia ó esforzo por explicitar o potencial contido filosófico dun texto literario.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía O mesmo que no ensino presencial, facilitaranse ó alumnado arquivos con material complementario sobre la unidades temáticas</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Incorporar á comprensión dos textos literarios unha problemática filosófica, recoñecéndoa como algo implícito naqueles e desenvolvéndoa nas súas principais dimensións (ontolóxica, gnoseolóxica e filosófico-práctica, é dicir: concepción da realidade, do coñecemento e do home como axente moral e político) Esa ampliación do horizonte de comprensión da escrita literaria redundará no enriquecemento da súa interpretación e aproveitamento. Con elo, a materia Filosofía e Literatura contribúe a consolidar competencias de orde cognitiva, destrezas e metodoloxías, e orientacións para a práctica vital e profesional.	A1	B1	C1
	A2	B3	C3
	A9	B4	C4
	A10	B5	C6
	A11	B6	C7
	A14	B7	C8
	A15	B8	
		B10	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Literatura e filosofía: introducción	1.1. Caracterización do saber filosófico 1.2. Un modelo do feito literario
2. Perspectiva filosófica sobre os xéneros literarios	2.1. O ensaio desde o punto de vista filosófico 2.2. A narrativa desde o punto de vista filosófico 2.3. A poesía desde o punto de vista filosófico
3. Exercicios hermenéuticos sobre textos literarios	3.1. Lectura, análise e comentario de "Fuga de morte" de Paul Celan 3.2. Lectura, análise e comentario de "Antígona" de Sófocles 3.3. Lectura, análise e comentario do Libro de Job

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Recensión bibliográfica	A1 A2 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	1	15	16
Seminario	A1 A2 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C6 C7 C8	14.5	27	41.5
Proba mixta	A1 A2 A9 A10 A11 A14 B3 B5 B6 B7 C1 C4	2	25	27
Sesión maxistral	A1 A2 A10 A11 A14 A15 B1 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	15	7	22
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Recensión bilbiográfica	Trátase de elaborar un breve traballo sobre un texto literario (sexa cal sexa a súa extensión: un poema; un conto; unha novela; unha peza teatral...) elexido polo alumno e que este debe abordar desde unha perspectiva filosófica. O traballo incluírá: unha presentación do texto elexido (autor; xénero; breve descripción), a xustificación da súa elección (conexión con algunha/s das tres grandes partes da filosofía: ontoloxía, teoría do coñecemento e filosofía práctica), a análise do seu contido desde a perspectiva filosófica adoptada e unha valoración persoal.
Seminario	O traballo do seminario analizará a significación filosófica da literatura, mediante a posta en común, análise e discusión de textos seleccionados para abordar os núcleos temáticos dos contidos. Constituirá, xunto coa sesión maxistral, o momento central do traballo na aula. O seminario presupón dúas tarefas fóra da aula para o alumnado. Por unha banda, a lectura previa dos textos propostos. Por outra, o comentario posterior de fragmentos extraídos de ditos textos. Propoñeranse ó alumnado dous grupos de tres fragmentos cada un (o primeiro grupo corresponderá ó segundo bloque dos contidos; o segundo grupo, ó terceiro bloque); cada alumno ou alumna seleccionará un fragmento de cada un dos grupos e entregará, polo tanto, un total de dous comentarios.
Proba mixta	Incluírá, por unha banda, unha cuestión sobre o libro de lectura obrigatoria, elexido polo alumnado entre varias obras propostas polo profesor. Na proba mixta proporase ó alumnado un fragmento de dito libro que ilustre un tema do mesmo. Por outra banda, o alumnado terá que comentar un fragmento extraído dun dos textos traballados en seminario e responder a unha cuestión teórica das abordadas na materia, tanto nas sesións maxistrais como nas sesións de seminario.
Sesión maxistral	A sesión maxistral irá dirixida a introducir cada un dos temas abordados e a establecer o contexto teórico no que o alumnado deberá, durante a lectura, insertar o texto obxecto de análise nas sesións de seminario. Ofrecerá, polo tanto, elementos relevantes para unha axeitada comprensión dos textos. Nalgúns casos recurrirá a documentos audiovisuais breves que contribúan a unha axeitada situación da problemática abordada.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario Recensión bilbiográfica Proba mixta Sesión maxistral	As dúbidas e cuestións que poidan prantexárselle ó alumno resolveranse puntualmente na aula e, no caso de requirir máis tempo, atenderanse no horario de titorías, sinalado no taboleiro do despacho do profesor. Tamén poderán facerse consultas a través do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A1 A2 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C6 C7 C8	A avaliación do traballo realizado polo alumnado nas sesións de seminario realizarase atendendo tanto á cualificación dos dous comentarios como á participación do alumnado no traballo colectivo da aula. Cada comentario poderá obter unha cualificación máxima de 1 pto.; en canto á participación individual do alumno nas sesións de seminario poderá ser calificada ata un máximo de 1 pto.	30
Recensión bilbiográfica	A1 A2 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	As características do traballo individual xa foron establecidas no apartado de Metodoloxías. Na avaliación do mesmo terase en conta a orixinalidade e pertinencia do enfoque (o texto literario elexido deberá de ser axeitado para unha lectura filosófica), o desenvolvemento argumentativo, a claridade e rigor da expresión, así coma a xustificación argumentada da valoración persoal.	20



Proba mixta	A1 A2 A9 A10 A11 A14 B3 B5 B6 B7 C1 C4	Constará de tres apartados: a) Cuestión sobre o libro de lectura obrigatoria, acompañada dun fragmento do mesmo. Cualificación máxima.- 1.5 ptos. (Propoñerase ó alumnado a posibilidade de adiantar a realización da proba lo libro de lectura, realizándoa durante o período lectivo.) b) Comentario dun fragmento extraído dos textos de lectura. Cualificación máxima. 1.75 ptos. c) Resposta a unha cuestión teórica dos contidos desenvolvidos na materia. Cualificación máxima.- 1.75 ptos.	50
Sesión maxistral	A1 A2 A10 A11 A14 A15 B1 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	A cualificación da actividade académica desenvolvida nas sesións maxistrais está incorporada na da proba mixta, pois nesta o alumno terá de demostrar a súa asimilación dos contidos abordados tanto nas sesións maxistrais como nos seminarios.	0

Observacións avaliación

A cualificación máxima da Proba Mixta, que representa o 50 % da cualificación total da materia, será de 5 ptos. Para superar a materia, a puntuación obtida na proba mixta non poderá ser inferior a 4 ptos. (sobre 10 ou, o que ven ser o mesmo, a 2 ptos. sobre os 5 que representan a cualificación máxima que pode obterse neste apartado da avaliación). O 50 % restante distribúese do seguinte xeito: un 20 % (cualificación máxima: 2 ptos.) corresponde á "Recensión bibliográfica", é dicir, ó traballo individual realizado polo alumno; un 20 % (cualificación máxima: 2 ptos.) corresponde ós dous comentarios que, sobre fragmentos traballados nos bloques 2º e 3º, o alumno terá de elaborar (cada un deles recibirá, polo tanto, unha cualificación máxima de 1 pto.); un 10 % (cualificación máxima: 1 pto.) valorará a asistencia e participación do alumno durante as sesións presenciais. Considerarase non presentado o alumno que non realice a Proba Mixta e, asemade, teña entregado menos do 50 % das actividades do curso. Se o alumno non supera a materia na primeira oportunidade, terá que demostrar na segunda (Xullo) que foi quen de acadar a puntuación mínima (a metade da máxima) en aquelas partes da avaliación onde non o tivese logrado. Respecto ás restantes, manteñen a súa vixencia as cualificacións parciais obtidas na primeira oportunidade; cunha salvedade: o punto que, respecto á participación nos seminarios, se contempla na cualificación será transferido ós apartados de "Recensión bibliográfica" (0.5 ptos.) e "Seminario" (0.5 ptos.).

O alumnado matriculado a tempo parcial e que tivese obtido unha dispensa académica deberá poñerse en contacto co profesor da materia, ó comenzo do curso, con vistas a planificar os axustes pertinentes, tida en conta a situación particular do alumno, na súa cualificación. En calqueira caso, o alumno deberá realizar a Proba Mixta, a Recensión bibliográfica e os comentarios. En canto ó punto que, respecto á participación nos seminarios, se contempla na avaliación será transferido ós apartados de "Recensión bibliográfica" (0.5 ptos.) e "Seminario" (0.5 ptos.).

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Sófocles (2008). Antígona. Madrid, Gredos - E. Auerbach (1993). Mimesis: la representación de la realidad en la cultura occidental. Madrid, F.C.E - W. Benjamin (2008). El narrador. Santiago de Chile, Metales Pesados - D. de Rougemont (1997). El amor y Occidente. Barcelona, Kairós - M. Heidegger (2005). Aclaraciones a la poesía de Hölderlin. Madrid, Alianza Editorial - Paul Celan (2009). Obras completas. Madrid, Trotta - M. Kundera (2006). El arte de la novela. Barcelona, Tusquets - G. Lukacs (1974). El alma y las formas. Teoría de la novela. Barcelona, Grijalbo - G. Steiner (2002). Tolstói o Dostoievski. Madrid, Siruela
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- L. Goldmann (1975). Lukacs y Heidegger: hacia una filosofía nueva. Buenos Aires, Amorrortu- J. Felstiner (2002). Paul Celan: poeta, superviviente, judío. Madrid, Trotta- R. Girard (1989). La ruta antigua de los hombres perversos. Barcelona, Anagrama- R. Forster (2009). Los hermeneutas de la noche. Madrid, Trotta- A. Kadarkay (1994). Georg Lukacs: vida, pensamiento y política. Valencia, Alfons el Magnànim- H.-G. Gadamer (1999). ¿Quién soy yo y quién eres tú?. Barcelona, Herder- Ph. Lacoue-Labarthe (2006). La poesía como experiencia. Madrid, Arena- Ph. Lacoue-Labarthe (2007). Heidegger: la política del poema. Madrid, Trotta- O. Pöggeler (1993). El camino del pensar de Martin Heidegger. Madrid, Alianza Editorial- K. Reinhardt (2010). Sófocles. Madrid, Gredos- J. Treballe (2006). Historia de la Biblia. Madrid, Trotta- J. Treballe (2011). Job. Madrid, Trotta- J.-P. Vernant y P. Vidal Naquet (2002). Mito y tragedia en la Grecia antigua. Barcelona, Paidós
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías